CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Participar e colaborar en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Interpretar e explicar textos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes.	TI	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando estratexias adecuadas para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- tenses: past, present and future (simple/perfect/continuous)</li> <li>- Relative sentences</li> <li>- Modals and modal perfects</li> <li>- Conditionals and Time Clauses</li> <li>- The Passive</li> <li>- Reported Speech</li> </ul>

## Contidos

- Gerunds and Infinitives
- Repaso de contenidos gramaticales previos.
- Otros contenidos gramaticales.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- 1 Escribir an email/letter- 2 Escribir an opinion/for and against essay ¿ 3 Escribir a film review/report on an event ¿ 4 Escribir a description of a place ¿ 5 Escribir a narrative
- Empleo de elementos de coherencia textual (estructura, guión, párrafos, etc.)
- Empleo de elementos de cohesión textual (linkers, puntuación, etc)
- Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Tricks and Illusions.
- Vocabulario general y : Phrasal verbs. Three-word Phrasal Verbs. Verbs and Prepositions. Nouns and Prepositions. Prepositional Phrases. Prefixes. Suffixes. Collocations. Compound words. Expresiones. Binomial expressions. Idioms.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. Alfabeto fonético básico.
- Alfabeto fonético, voiceless sounds, pronunciaciones de -ed, -s/-es, otros.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.



## Contidos

- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada. A isto responde a total transversalidade dos bloques desta materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

Nesta programación didáctica se fixan as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos, así como a adquisición das competencias.

Con esta finalidade, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira ten que enfocarse cara o desenvolvemento das catro macrodestrezas básicas da comunicación: COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL E COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA. Esta técnica denomínase Integrating Skills e nela combínanse actividades de LISTENING, READING, SPEAKING e WRITING (ESCOITAR, LER, FALAR E CONVERSAR, ESCRIBIR). Trátase de unha metodoloxía GLOBAL con actividades que busquen a integración dos elementos citados. Para lograr este obxectivo, este departamento recurrirá ás seguintes pautas metodolóxicas:

O labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula, senón tamén no centro educativo en xeral. O profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (escoitar e ler):

Fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas para fortalecer a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

Trátase de que o alumnado sexa capaz de comprender información global e específica de mensaxes orais e escritas relativas ás diversas situacións habituais da comunicación. Para poñer en práctica estas destrezas de comprensión seguiremos as seguintes fases:

1. FASE INICIAL: nesta fase intentaremos averiguar o que os alumnos xá saben sobre os temas dos textos que van a escoitar ou ler. Escolleráse un número limitado de palabras clarexando o seu significado antes de comezar a actividade, evitando así posibles problemas na comprensión global da mensaxe.

2. FASE DE ESCOITA E LECTURA (LISTENING /READING): Nesta fase é moi importante facer fincapé na idea de que non é necesaria a comprensión total da mensaxe. O alumnado síntese frustrado ante esta situación, e, polo tanto, é importante recalcar o feito de que o descoñecemento ou non comprensión de certas partes dunha mensaxe non implica a mala execución da tarefa a realizar.

3. FASE FINAL: é aquela na que o alumnado plantexará as súas dificultades ó profesor. Éste deberá analizar os resultados da actividade e facer reflexionar ó alumnado sobre o seu propio progreso, inculcándolle a idea de que o desenvolvemento destas destrezas é lento pero continuado.

#### EXPRESIÓN ORAL (falar e conversar):

A produción oral desénrolase á vez que a comprensión oral, tal como sucede en calquera interacción comunicativa da vida real. O alumnado ten que producir mensaxes orais e tamén necesita entender as producións dos seus interlocutores. É na práctica desta destreza onde os alumnos/as amosan unha maior inseguridade. É importante que o alumnado amose unha actitude de respecto e interés por comprender e facerse comprender, e que acepte o erro como parte normal do proceso de aprendizaxe. Na práctica desta destreza fomentaránse as tarefas por parellas ou grupos. O profesor deberá animar ó alumnado a pensar ou tomar notas sobre o que vai dicir antes de comenzo a falar. É convinte que o profesor realice unha demostración da actividade con axuda dun estudante para asegurarse de que todos os demais comprenden en qué consiste.

#### EXPRESIÓN ESCRITA:

Na expresión escrita levaremos a cabo actividades de dous tipos:

-Por unha banda, e dirixida á alumnos/as con un nivel máis baixo, a escritura será guiada, proporcionándolles modelos ou guións a seguir.

-Por outra banda, e cando o alumnado teña alcanzada unha certa base, a escritura será libre para que os alumnos/as poderán expresarse con maior liberdade. En todo caso, trataremos de que o alumnado desenrole extratexias que favorezcan unha mellor expresión escrita, tales como: facer guións ou esquemas previos a presentación final, uso de vocabulario e expresións axeitadas ao contexto, narración de feitos cunha secuencia lóxica de ideas, coidar a presentación, etc.

#### APRENDIZAXE AUTÓNOMA:

A profundización na aprendizaxe do inglés debe ser un proceso consciente que o alumnado poida ir alterando dacordo coas súas capacidades e progresos. Neste senso é importante que, por unha banda, o profesor propoña extratexias, consellos e ideas que contribúan a mellorar e reforzar aqueles aspectos nos que o alumnado amose unha maior dificultade, e por outra banda, deberá asegurarse de que os alumnos/as sexan capaces de manexar de forma autónoma os materiais de referencia, tales como gramáticas, dicionarios, tecnoloxías da información e a comunicación, etc que lles permitan unha aprendizaxe máis autónoma e dacordo coas súas capacidades, así como inculcarlles a adquisición de hábitos de estudo, organización do material, etc que lles faciliten a aprendizaxe da lingua. O profesor sempre terá en conta que o nivel do alumnado é diverso e polo tanto, aunque o punto de partida sexan os coñecementos previos, as actividades de repaso e reciclaxe deberán formar parte esencial da aprendizaxe da lingua.

#### APRENDIZAXE GLOBALIZADOR ("Project Works")

O obxectivo dos proxectos é dar ó alumnado a oportunidade de realizar unha tarefa de forma autónoma facendo uso de tódolos recursos lingüísticos dispoñibles e decidi-la mellor maneira de leválos a cabo. Sempre poderán elixir entre varias tarefas, algunhas máis axeitadas para o traballo individual e outras para realizar o mesmo en parellas ou grupos. Algunhas requirirán unha maior habilidade escrita, artística ou de expresión oral. O importante é que o alumnado se sinta cómodo coa tarefa elixida. En definitiva, éste é o momento no que o noso proxecto fai posible a globalización de tódolos aprendizaxes e a posta en práctica das detrezas traballadas na aula con anterioridade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado)
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Recursos audiovisuais auténticos
Emprego de actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.

## Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

-O manual da editoriaail utilizado neste nivel é éste:

1 BACH: Outlook 1, Burlington books

Teacher's Guide / Resource file, Student's Book, Workbook, Lecturas simplificadas de libre elección

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Co fin de coñecer o nivel do alumnado e as súas necesidades, ao principio de cada curso realizaremos unha avaliación inicial cuxo resultado será só informativo e polo tanto, non se terá en conta para obter a calificación final da primeira avaliación.

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos: cuestionario de lecer e afeccións, redacción dun email de presentación, entrevista, proba de nivel.

Segundo os resultados obtidos nesta avaliación inicial, tomaremos as seguintes medidas para mellorar o rendemento dos alumnos:

-Observación e seguimento exhaustivo nas primeiras semanas de curso para saber se as carencias curriculares do alumno son debidas a falta de esforzo/mala actitude/ou mal comportamento ou polo contrario o alumno presenta dificultades de aprendizaxe. De ser así entre as medidas de reforzo educativo posibles estarían:

- Atención individualizada do alumno dentro da aula sempre que sexa posible.
- Revisión periódica do seu material escolar: libros, caderno, fotocopias,etc.
- Reubicación dentro da aula (primeras filas ou cun compañeiro que o poida axudar)
- Repetición na casa do feito na aula e posterior comprobación.
- Se fora preciso, proporcionar material de reforzo de aspectos concretos.
- De existir informe médico, algúns alumnos poderían ter tempo extra na realización de tarefas e exames.

Todas as medidas de reforzo que adoptemos deberán ser flexibles, e decir, poderán ampliarse ou eliminarse tendo en conta os progresos e resultados obtidos polos alumnos e tamén, e moi importante, o seu esforzo e actitude cara á materia.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	88	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	12	<b>10</b>

#### Criterios de cualificación:

Levarase a cabo un sistema de avaliación continua, é dicir, a cualificación final ordinaria basearase no resultado obtido polo alumno nas tres avaliacións asignando a cada unha delas, unha porcentaxe diferente que será a seguinte:

- Primeira avaliación: 15%
- Segunda avaliación: 25%
- Terceira avaliación: 60%

A porcentaxe se incrementa da primeira á terceira avaliación xa que, tendo en conta que tratase dunha materia de contido progresivo, os diferentes contidos acumularanse dunha proba á seguinte e dunha avaliación á outra, sendo a terceira aquela na que se avaliarán un maior número de contidos.

Procedemento de recuperación da 1ª e 2ª avaliación:

Os contidos da materia teñen carácter progresivo e acumulativo, polo tanto se un alumno suspende unha avaliación poderá recuperala na seguinte avaliación.

En cada avaliación as porcentaxes para calcular a nota son as seguintes:

- Comprensión e expresión oral ( Listening & Speaking) 20%
- Comprensión e expresión escrita ( Reading & Writing) 30%
- Coñecementos lingüísticos ( Grammar & Vocabulary) 40%
- Traballo diario 10%

O alumnado poden obter ata 0.5 puntos extra en cada avaliación logo de ler, de xeito voluntario, un LIBRO DE LECTURA. De este modo, poténciase a lectura extensiva por parte do alumnado. O alumno/a selecciona un libro, preferentemente da biblioteca do centro, acorde ó seu nivel, e realiza un traballo oral e grabado seguindo as pautas indicadas polo profesor.

Na avaliación ordinaria, a lectura de libros e posterior realización de traballos sobre os mesmos, incrementa a nota dos alumnos/as desta maneira:

Se un alumno leu un libro durante o curso, engadirase 0.15 puntos á cualificación obtida, se leu dous libros engadiráanse 0.3 puntos á súa nota e 0.5 puntos se leu tres libros.

-O alumno aprobará a materia de Inglés 1º Bacharelato se alcanza unha puntuación de 5,00 puntos na avaliación ordinaria.

#### PUNTUALIZACIÓNS:

-Os alumnos que se incorporan a este centro educativo unha vez iniciado o curso e que non poidan aportar cualificacións da 1ª ou da 1ª e 2ª avaliacións, serán avaliados, únicamente, seguindo o criterio de avaliación continua.

-Si algún alumno ten que facer seguimento das clases a través de medios telemáticos, intentarase que asista a realizar as probas de examen ó centro.

-Si durante as probas escritas o alumno é sorprendido copiando o profesor considerará a proba suspensa con 0 puntos, puntuación que se terá en conta a todos os efectos na nota de avaliación.

#### Criterios de recuperación:

Procedemento de recuperación da 1ª e 2ª avaliación:

Os contidos da materia teñen carácter progresivo e acumulativo. Polo tanto, se un alumno suspende unha avaliación poderá recuperala na seguinte cunha nota igual ou superior a 5 sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación final ordinaria tras aplicar as porcentaxes asignadas a cada trimestre, terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba de recuperación na convocatoria extraordinaria que consistirá en exercicios de comprensión e produción escrita, gramática e vocabulario.

COMPRESIÓN ESCRITA :20%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita: cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar ou preguntas de resposta larga.

PRODUCCIÓN ESCRITA: 20%

Instrumentos de avaliación: proba escrita

GRAMÁTICA E VOCABULARIO: 60%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita: exercicios de completar, opción múltiple, etc.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1. Plan de traballo: Contidos esixibles:

Os contidos están baseados nos mínimos esixibles do curso pendente correspondente.

2. Programa de reforzo para a recuperación da materias pendente de cursos anteriores.

Repartiremos a materia pendente en dous bloques:

1. Review of tenses -Unit 1 -Unit 2 -Unit 3

2. Unit 4 -Unit 5 -Unit 6 -Unit 7-

A unidade 8 non aparece na materia de pendentes do segundo bloque exames neste curso 2023-2024, tal e como aparece reflectido na memoria do departamento de inglés do curso 2022-2023: nos grupo non deu tempo a traballar dita unidade ( vocabulario sobre ilusi3ns 3pticas e gram3tica relacionada con verbos seguidos de infinitivo ou xerundio).

Para facilitar o repaso da materia, o alumnado dispor3 de:

a.Material + exercicios do curso pasado.

b.Material na aula virtual.

c.Un dossier con actividades do bloque 1.

d.Outro dossier de actividades bloque 2.

e.Resoluci3n de d3bidas por parte da profesora do presente curso.

3.Avaliaci3n

3.1. Haber3 un examen de cada bloque que ser3 correxido pola profesora do presente curso. As datas dos mesmos ser3n fixadas por xefatura de estudos.

3.2. En caso de non superar a materia de este modo, haber3:

3.2.A. Unha proba final na que o alumnado debe superar a totalidade da materia.

3.2.B. Outra proba na convocatoria de exames extraordinarios do mes de xu3no.

Estas probas ( escritas) constar3n das seguintes partes e con estas porcentaxes:

-Reading 20%

-Vocabulary (20%) +Grammar (30%) 50%

-Writing 30%

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede nesta materia.

### 6. Medidas de atenci3n 3 diversidade

Hai alumnos que arrastran dificultades na materia, principalmente porque nunca alcanzaron os obxectivos de curso ou etapa ou presentan serios descoñecemento de noci3ns b3sicas (ex. .alumnos que pasaron de curso sen ter asentada unha base s3lida). Nesta materia, pola propia esencia da mesma e pola súa aprendizaxe continua, son moitos:

A idea de traballo do departamento neste nivel 3 esta:

- Localizar 3 alumnado con altos coñecementos da materia e que se aburren na aula e 3 alumnado con necesidades educativas especiais.

- Valorar cales son as necesidades educativas reais.
- Expoñer éstas na avaliación inicial.
- Facer avaliacións periódicas, para ver os resultados das intervencións.
- Axudarnos, se é posible, da avaliación de expertos que determinen e valoren a necesidade de intervención é as razóns en casos especiais
- Tratar de que os alumnos de bacharelato alcancen os obxectivos básicos comúns propostos para este nivel, xa que no ensino non obrigatorio non hai lugar para adaptacións curriculares.
- Intentar dar resposta ás diversidade:
  - a. dentro da aula mediante planificacións e accións educativas (exercicios de diferente grao de dificultade, repaso de contidos básicos, atención nos materiais a distintos tipos de actividades, etc),
  - b. fóra da aula (clases de apoio, comunicación coa familia)

As medidas centraranse en:

- Reforzar ás técnicas de aprendizaxe ( técnicas de anotación de vocabulario, atención, grado de exposición a lingua estranxeira fora sa aula) e estudo da materia (práctica continuada co uso de material de apoio , wedsites, aula virtual, DVD, CD-roms...)
- Alumnos con discapacidade física:promover e valorar mais as actividades que estes alumnos podan realizar mellor (ex. cegos, as destrezas orais, xordos as escritas)
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade.
- Realización de exercicios apropiados e o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Preparación de exercicios de dificultade graduada e breves para os temas lingüísticos e léxicos; pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas destas, as anotacións e traballo co vocabulario.
- Distintas formas de agrupamento dos alumnos en función das actividades que se vaian realizar (ex. alumnos mais capaces con alumnos con problemas)
- Actividades de recuperación e ampliación onde prime o traballo persoal e individual e o compromiso do alumno por intentar superar as dificultades a forza de esforzo

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X		X	X		X	X	
ET.6 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X		X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X		
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X	X		X		X	X	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X		X	X		

### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º trimestre: Actividades en torno a celebracións.	Organizaremos actividades na aula en torno ás celebracións de Halloween, día de Guy Fawkes ou Nadal.	X		
2º trimestre: Charlas.	Organizaranse charlas na aula para dar a coñecer aspectos relevantes dos países de fala inglesa.		X	
3º trimestre: Día do Libro.	O Día do Libro o departamento contribuirá ás actividades propostas para a celebración dese día.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.

Proporcione información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

#### Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre  
 Ás veces  
 Nunca

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.



## 9. Outros apartados